

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo, informa o seguinte:

1º.- Que o 29 de outubro de 1953, foi aprobado o Consorcio que, para a repoboación forestal do monte "CARBALLAL", LU-2131, subscribiran o Concello de Caurel e o Patrimonio Forestal do Estado, a través da Excma. Deputación Provincial de Lugo.

2º.- Que o 9 de setembro de 1960 foi aprobado o Consorcio que, para a repoboación forestal do monte "AS PALAS" LU-3158, subscribiran o Concello do Caurel e o Patrimonio Forestal do Estado.

3º.- Que o 25 de marzo de 1976 o Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man común tomou o Acordo de clasificar como tal o denominado "DE MERCURIN", pertencente á comunidade integrada polos veciños do lugar de Mercurín, parroquia de Seoane, termo municipal de Caurel. Publicado dito Acordo no B.O. da Provincial, nº 115, do mércores 19 de maio do mesmo ano, non se presentou nin interpuso recurso algún contra él polo que é firme.

4º.- Que o 27 de decembro de 1996 a Xunta Rectora da citada Comunidade, conforme có acordado por ésta en Asemblea Xeral celebrada ese día, acordou a súa vez:

-propoñer a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes a sinatura dun Convenio que afectase a 273 Hás. do monte en man común da súa pertenza, nas que se inclúsen as 92 Hás. do monte "CARBALLAL", LU-2131 e as 181 Hás. do monte "AS PALAS", LU-3158, propiedade da Comunidade,

-solicitar da Consellería que o Convenio, na parte que lle afecta, anulase substituíse os Consorcios dos montes "CARBALLAL", LU-2131 e "AS PALAS", LU-3158 e

- autorizar ó seu Presidente para a sinatura do Convenio.

5º.- Que en consecuencia, o ~~nov~~o monte "DE MERCURIN" queda consituido por:

92 Hás. do monte "CARBALLAL", LU-2131 e
181 Hás. do monte "AS PALAS", LU-3158.

6º.- Que o Convenio ten por finalidade a conservación e tratamentos selvícola das masas creadas, o seu aproveitamento e a execución das obras e traballos complementarios e auxiliares, concordantes con tales fins.

7º.- Que as superficies do monte "CARBALLAL", LU-2131, son:

superficie total.....	226 Has.
superficie repoboad.....	219 "
superficie inforestal.....	7 "

O monte "DE MERCURIN", pasan:

superficie total.	92 Has.
superficie repoboad.....	89 "
superficie inforestal.....	3 "

8º.- Que as superficies do monte "AS PALAS", LU-3158, son:

¹⁰ superficie total	204 Has.
superficie repoboad.....	196 "
superficie inforestal.....	8 "

O monte "DE MERCURIN", pasan:

superficie total	181 Has.
superficie repoboadada.....	174 "
superficie inforestal.....	7 "

9°.- Que polo tanto, as superficies do monte "DE MERCURIN", do convenio que se propoñe, son:

Superficie total.....	273 Has.
superficie repoboadada.....	263 "
superficie inforestal.....	10 "

10°.- Gastos por traballos e ingresos do monte "CARBALLAL", LU-2131.

Conforme coas Certificacións que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995:	2.447.634,-Ptas.
o 31-12-1976, ano en que se clasificou co-	
mo en man común pertencente á Comunidade -	
de Mercurín	1.493.644,- "

A ter en conta conforme coa Disposición adicional Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

<u>89</u> x 2.447.634,-Ptas. - <u>89</u> x 1.493.644,-Ptas.	387.695,-Ptas.
219	219

b) Ingresos

Administración Forestal.....	-
Excma. Deputación.....	-

Total.	-
-------------	---

11º.- Gastos por traballos e ingresos do monte "AS PALAS", LU-3158.

Conforme coas Certificación que se adxuntan, son os seguintes:

a) Gastos por traballos:

o 31-12-1995.	9.880.157,-Ptas.
o 31-12-1976, ano en que se clasificou - como en man común a parte do monte per-- tencente á Comunidade Mercurín.....	1.609.156,- "

O ter en conta conforme coa Disposición Adicional Segunda da Lei de Galicia 13/1989, do 10 de outubro:

<u>174</u> x 9.880.157,- Ptas, -	<u>174</u> x 1.609.156,-Pts. 7.342.624,-Pts
196	196

b) Ingresos:

Administración Forestal.	4.523,-Ptas.
-------------------------------	--------------

12ª.- E que os gastos que por traballos, administración e gardería, así como os ingresos, que das contas dos Consorcios dos montes "CARBALLAL", LU-2131, e "AS PALAS", LU-3158, pasan a conta do Convenio do monte "DE MERCURIN", son:

a) GASTOS:

do monte "CARBALLAL", LU-2131.

traballos:	387.695,-Ptas.
administración: <u>7,85</u> x 387.695,-Ptas...	30.434,- "
100	

gardería: 89 Hás. x 950,-Ptas./Há.	84.550,- "
<u>do monte "AS PALAS", LU-3158.</u>	

traballos:	7,342.624,- "
administración <u>7,85</u> x 7.342.624,-Ptas..	576.396,- "
100	

gardería: 174 Hás. x 950,-Ptas./ Há...	165.300,- "
--	-------------

TOTAL GASTOS.....	8.586.999,-Ptas.
-------------------	------------------

b) INGRESOS:

do monte "CARBALLAL", LU-2131.

do monte "AS PALAS", LU-3158.

<u>174 Hás.</u> x 4.523,-Ptas.	<u>4.015,-Ptas.</u>
TOTAL INGRESOS.....	4.015,-Ptas.

13°.- E que a conta de gastos do convenio do monte "DE MERCURIN", se abrirá cun saldo de:

8.586.999,-Ptas. - 4.015,- pesetas	8.582.984,-Ptas.
=====	

Á vista de todo isto, propoñemos a V.E.:

1°.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome: "DE MERCURIN".

Elenco: 2715871.

Superficie: 273 Hás.

Pertenza: Comunidade Mercurín

Termo municipal: Caurel.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2°.- Que a conta do convenio do monte "DE MERCURIN", 2715871, se abra cun saldo de 8.582.984,- pesetas; sin perxuício dos gastos e ingresos que puideran ter as contas dos Consorcios dos montes "CARBALLAL", LU-2131 e "AS PALDAS", LU-3158 con posterioridade a data de seu peche.

3°.- Que no sucesivo as características do monte "CARBALLAL", sexan as seguintes cantidades:

Nome: "CARBALLAL".

Elenco: LU-2131.

Superficie: 134 Hás.

Pertenza: Parroquias de Folgoso e Seoane.

Termo municipal: Caurel.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE MERCURIN", 2715871, das contas do consorcio do monte "CARBALLAL" LU-2131, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 89 Hás. x 2.447.634,-Ptas. 994.701,-Ptas.

219 Hás.

ingresos: 89 Hás. x 0, Ptas. -

219 Hás.

5°.- Que no sucesivo as características do monte "AS PALAS", LU-3158, sexan as seguintes:

Nome: "AS PALAS".

Elenco: LU-3158.

Superficie: 23 Hás.

Pertenza: Parroquia de Seoane.

Termo municipal: Caurel.

6°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE MERCURIN", 2725872, das contas do consorcio do monte "AS PALAS", LU-3158, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 174 Hás. x 9.880.157,- Ptas. 8.771.160,-Ptas

196 Hás.

ingresos: 174 Hás. x 4.523,-Ptas.

4.015,-Ptas

196 Hás.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 30 de xaneiro de 1997.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo. : Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Tomás Fernández-Couto Juanas.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERIA E MONTES.-

Visto o expediente de firma dun Convenio, entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes e a Comunidade de Veciños propietaria do monte en man común "DE MERCURIN", integrado por 92 Has. do monte "Carballal" e 181 Has. do monte "AS PALAS" o que fai un total de 273 Has. sito na parroquia de Seoane no termo municipal de Caurel (Lugo) e á vista dos informes favorables emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes de Lugo, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da comunidade Autónoma, o artigo 57 do devandito Real Decreto, así como á Lei 13/89, de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 4 de febreiro de 1997.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,

A circular blue ink stamp from the Xunta de Galicia, specifically from the Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, Sección Xurídica. The stamp contains the coat of arms of Galicia. A handwritten signature in blue ink is written over the stamp.

Asdo.: M^{ra} José Tato Rocha.

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE
NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Lugo.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o convenio das seguintes características:

Nome do monte: "DE MERCURIN".

Elenco: 2715871.

Superficie: 273 Hás.

Pertenza: Comunidade de Mercurián.

Termo municipal: Caurel.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre o anticipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

2º.- Que a conta do Convenio do monte "DE MERCURIN", 2715871, se abra cun saldo de 8.582.984,- pesetas, sin perxuicio dos gastos e ingresos que puideran ter as contas dos Consorcios dos monte "Carballal", LU-2131 e "AS PALAS", LU-3158, con posterioridade a data do seu peche.

3º.- Que no sucesivo as características do monte "CARBALLAL", LU- 2131, sexan as seguintes:

Nome: "CARBALLAL".

Elenco: LU-2131.

Superficie: 134 Hás.

Pertenza: Parroquias de Folgoso e Seoane.

Termo municipal: Caurel.

4°.- Que por pasar a conta do Convenio do monte "DE MERCURIN", 2715871, das contas do Consorcio do monte "CARBALLAN", LU-2131, se resten as seguintes cantidades:

gastos: 89 Hás. x 2.447.634,-Ptas. 994.701.-Pts.
219 Hás.

ingresos: 89 Hás. x 0,-Ptas. -
219 Hás.

5°.- Que no sucesivo as características do monte "AS PALAS", LU-3158, sexan as seguintes:

Nome: "AS PALAS".

Elenco: LU-3158.

Superficie: 23 Hás.

Pertenza: Parroquia de Seoane.

Termo municipal: Cauresl.

6°.- Que por pasar a conta do convenio do monte "DE MERCURIN", 2715871, das contas do Consorci do monte "AS PASAS", LU-3158, se resten as seguintes cantidades:

CONVENIO

N.º	271	5871
-----	-----	------

En Santiago de Compostela, a de de mil, novecientos noventa e

REUNIDOS

Dunha banda, D. **ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, por Delegación do** Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da ~~representación que legalmente ostenta~~ **Orde do 13.12.1993.**

Da outra, D. **ANSELMO OLMO CAMPO** como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común **"DE MERCURIN"** , segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

EXPOÑEN

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do **29 de Outubro de 1.953 e 9 de Setembro de 1.960** para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª — Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Mercurin, parroquia de Seoane, termo municipal do Caurel**

e son os que a continuación se describen:

Denominación: **"DE MERCURIN".**

Termo municipal: **Caurel**

Provincia: **LUGO**

Situación administrativa e legal: **Monte en man común pertencente a Comunidade integrada polos veciños do lugar de Mercurín, parroquia de Seoane, termo municipal do Caurel.**

Límites: **PARCELA I.-**

N.: **N.- Monte dos veciños de Paderne e mais monte da Comunidade de Mercurín;**
L.: **L.- Mais monte da Comunidade de Mercurín e propiedades particulares;**
S.: **S.- Monte "LAS PALAS", LU-3158, monte dos veciños do Sebrede e monte "AILO DE MONTEIROS", LU-2133, e**
O.: **O.- Monte "ESCRITA Y MONTEIROS", 2715701.**

L.: **PARCELA II.-**

N.: **N.- Mais monte da Comunidade de Mercurín e propiedades particulares;**
L.: **L.- Monte "CARBALLAL", LU-2131;**
O.: **S.- Monte "CARBALLAL", LU-2131 e**
O.- Monte "CARBALLAL", LU-2131.

Superficie: **273 (DUASCENTAS SETENTA E TRES) Hás.**

Estado forestal: **263 (DUASCENTAS SESENTA E TRES) Hás. repoboadas e 10 (DEZ) Hás. rasas.**

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: **- - -**

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: **263 (DUASCENTAS SESENTA E TRES) Hás.**

Sen vexetación arbórea: **10 (DEZ) Hás.**

Servidumes: **- - -**

3ª.— O chan continuará pertencendo a **Comunidade integrada polos veciños do lugar de Mercurín, parroquia de Seoane, termo municipal do Caurel**

que achega ó convenio:

- A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- Os terreos descritos na cláusula segunda.
- O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o **cincoenta** por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante **cincoenta** por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do **un** por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acredor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferenza entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: **92 Hás. do monte "CARBALLAL", LU-2131 e**
181 Hás. do monte "LAS PALAS", LU-3158.

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o trinta por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o setenta por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o - por cento, e a comunidade propietaria, o - por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acreedor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregarase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuíndo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CINCOENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acreedor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que subistentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogarase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acreedor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerarase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— ~~A especie utilizada para a repoboación forestal existente neste convenio será~~ P. pinaster, P. radiata e P. sylvestris.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don NILIO FERNANDEZ ORTIZ, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común MERCURIN

2.— Que, así mesmo, figura Don ARSENIO OLMO CAMPO, e Don JOSE ARIAS FERNANDEZ, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, data 27-12-96

E para que conste, expido a presente certificación a 10 de I de 1997.



Don JOSE ARIAS FERNANDEZ, Secretario de Comunidade de Mercurin, termo municipal do Caurel.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 27 de Decembro de 1.996 estando designado Don ARSENIO OLMO CAMPO, Presidente da Comunidade representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Mercurin (Caurel) a vintesete de Decembro de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

Arsenio Olmo

O PRÉSIDENTE,

Jose Arias

Asdo.: Arsenio Olmo Campo.

Asdo.: José Arias Fernández.

D. TOMAS FERNÁNDEZ-COUTO JUANAS, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Arsenio Olmo

Asdo.: Arsenio Olmo Campo.



Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL;

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez. (O.do 13/12/93)

D. Arsenio Olmo Campo.
D. José Arias Fernández.
D. Jesús Touzón Alvarez.
D. Víctor M. Fernández Fernández

En el lugar de Mercurín, parroquia de Seoane, municipio de Caurel, siendo las dieciocho horas del día 27 de Diciembre de 1.996, se reúnen los vecinos que integran la Junta Rectora de la Comunidad de Mercurín, cuya relación figura al margen.

Conforme con lo acordado por la Comunidad en Asamblea General celebrada en el día de hoy, acuerdan a su vez:

1ª.- Proponer a la Consellería de Agricultura, Gandería e Montes la firma de un Convenio que afecte a 273 Hás. del monte de su pertenencia, en las que se incluyen 92 Hás. del monte "CARBALLAL", LU-2131 y 181 Hás. del monte "LAS PALAS", LU-3158, consorciados por el Ayuntamiento de Caurel con el Patrimonio Forestal del Estado, con lo que las características del monte a conveniar, son:

Nombre: "DE MERCURIN".

Superficie: 273 Hás.

Límites:

PARCELA I.-

- N.- Monte de los vecinos de Paderne y más monte de la Comunidad de Mercurín;
- E.- Más monte de la Comunidad de Mercurín y propiedades particulares;
- S.- Monte "LAS PALAS", LU-3158, monte de los vecinos de Sobredo y monte "ALTO DE MONTEIROS", LU-2133 y
- O.- Monte "ESCRITA Y MONTEIROS", 2715701.

PARCELA II.-

- N.- Más monte de la Comunidad de Mercurín y propiedades particulares;
- E.- Monte "CARBALLAL", LU-2131;
- S.- Monte "CARBALLAL", LU-2131 y
- O.- Monte "CARBALLAL", LU-2131.

2ª.- Que el Convenio, en la parte que les afecta, anule y sustituya a los Consorcios de los montes "CARBALLAL", LU-2131 y "LAS PALAS", LU-3158.

3ª.- Autorizar a su Presidente para la firma del Convenio.

Y no habiendo mas asuntos que tratar, se cierra el Acta en el lugar y fecha al principio indicados, firmando de conformidad.

Arsenio Olmo

Jesús Taa
Víctor M.

José Arias